

## **PROTOCOLO DE ACCIDENTE EN CASO DE ACCIDENTE ESCOLAR CON ASISTENCIA SANITARIA**

### **PROTOCOLO PARA FAMILIAS/ TITORES LEGAIS**

#### **Alumnado de 1º ou 2º de ESO:**

Estos alumnos e alumnas non están cubertos polo Seguro Escolar do centro.

- O feito porase en coñecemento dos pais.
- No caso que fose preciso, avisarase aos servizos de urxencia 112.
- Un/unha profesor/a ou responsable do centro acompañará ao/ á alumno/a ata o momento que cheguen os pais/nais, titores legais.
- Alumnado con prestación da Seguridade Social, recibirá asistencia sanitaria no PAC de Chantada ou Hospital Comarcal de Monforte de Lemos.
- Alumnado con seguro privado, recibirá asistencia no centro que lle corresponda.
- A prestación será cuberta coa tarxeta sanitaria do/ a alumno/a.
- Alumnado con prestación da Seguridade Social, cando reciban no seu domicilio o Modelo de Prefacturación, deberano entregar na secretaría do IES Val do Asma para a súa posterior tramitación.

#### **Alumnado de 3º ou 4º de ESO, 1º ou 2º de Bacharelato e Ciclos Formativos ata os 28 anos:**

- O feito porase en coñecemento dos pais/nais, titores legais.
- No caso que fose preciso, avisarase aos servizos de urxencia 112.
- Un/unha profesor/a ou responsable do centro acompañará ao/ á alumno/a ata o momento que cheguen os pais/nais, titores legais.
- Se o alumno/a precisa de atención sanitaria, as familias ou titores legais solicitarán ao centro o impreso de solicitude de prestación do seguro escolar cuberto na parte que corresponde o centro. O resto do formulario debe ser cuberto pola familia e entregado no centro sanitario.
- Alumnado con prestación da Seguridade Social, recibirá asistencia sanitaria no PAC de Chantada ou Hospital Comarcal de Monforte de Lemos.
- Alumnado con seguro privado, recibirá asistencia no centro que lle corresponda.
- Unha vez recibida a asistencia sanitaria, deberán achegar á secretaría do IES Val do Asma o parte de asistencia médica.
- No caso de recibir no seu domicilio o Modelo de Prefacturación, deberano entregar na secretaría do IES Val do Asma para a súa posterior tramitación.
- Os que teñan máis de 28 anos van coa súa tarxeta sanitaria.